

► **A separación e o equilibrio de poderes:** Principio político que recolle a influencia das ideas de Montesquieu. A Nación delega a súa autoridade en tres “poderes” cunhas competencias diferenciadas: o ***executivo***, coa función de gobernar (exercido por un rei se a forma de goberno é unha monarquía, ou por un presidente ou un consello de varias persoas se a forma de goberno é unha república); o ***lexislativo***, coa misión de elaborar as leis e controlar a actuación do executivo (exercido por unha Asemblea, chamada Parlamento, Cortes...); o ***xudicial***, coa función de administrar xustiza (exercido por xuíces e tribunais de xustiza). Ningún destes poderes pode estar por encima dos outros, tendo que manterse en equilibrio. Obviamente é clara a diferenza con respecto aos réximes absolutistas nos que o poder concentrábase na persoa do monarca, estando o Parlamento e os xuíces sometidos ao mandato do rei.

► **Recoñecemento dos dereitos dos individuos:** Este principio político liberal permite establecer un forte contraste coa falta de dereitos característica do sistema político do Antigo Réxime. No absolutismo os individuos eran ***súbditos*** do monarca e, polo tanto, estaban subordinados á súa autoridade, carecendo de dereitos recoñecidos. No liberalismo os individuos son ***cidadáns*** e, segundo a tese de Rousseau, únense para dar lugar a unha comunidade política (a Nación) coa condición de que se respecten os seus dereitos. Na *Declaración de Dereitos* de 1789 estableceuse unha diferenciación entre os ***dereitos naturais*** e os ***dereitos cidadáns***. Os primeiros son dereitos que corresponden ao individuo como ***persoa***, tendo un carácter **inalienable** (dereito á vida, dereito de liberdade, dereito de propiedade...). Os segundos pertencen ao individuo como ***membro da Nación***, podendo existir **limitacións** no seu disfrute (dereito restrinxido do voto, por exemplo).

? 29.- Indica as **diferenzas** entre os principios políticos de liberalismo e os do absolutismo.




III.- A ORGANIZACIÓN POLÍTICA LIBERAL



28.- Define *Liberalismo*.

29.- Indica as **diferencias** entre os principios políticos de liberalismo e os do absolutismo.




B.- AS INSTITUCIÓN POLÍTICAS LIBERAIS

► **A Constitución:** No sistema político liberal a Constitución é a **Lei Suprema do Estado**, ningunha outra lei, institución ou persoa pode legislar ou actuar na súa contra. Ademais debe ser obedecida por igual tanto polos cidadáns como polos gobernantes (igualdade xurídica). Na Constitución deben recollese os principios políticos básicos do liberalismo: *soberanía nacional, división de poderes, declaración de dereitos e liberdades, igualdade diante da lei...*


► **O sufraxio:** É a institución que permite aos cidadáns participar na política, ben elixindo aos seus representantes ou ben sendo elixidos. No Estado liberal o sufraxio era, en principio *censatario* ou *restrinxido*, xa que unicamente podían participar os homes que posuían un determinado nivel de riqueza. Paulatinamente evolucionou cara a un *sufraxio universal masculino*, que permitía votar a todos os homes, independentemente da súa situación económica, pero non ás mulleres. A democracia actual contempla a existencia do *sufraxio universal*, que permite o voto a calquera persoa sin ter en conta a súa posición económica, sexo ou calquera outra condicionante.

? 30.- Por que é **importante** a Constitución?

o 31.- Que **diferenzas** existen entre os *sufraxio censatario, universal masculino e universal*?



► **O Parlamento (ou Cortes):** É a Asemblea que posúe o poder lexislativo e limita a autoridade da persoa ou persoas encargadas do poder executivo mediante o control do seu labor. No liberalismo os membros do Parlamento, case sempre pertencentes á burguesía, “representaban” aos cidadáns (a Nación) polos que eran elixidos cada certo tempo. Esta situación está moi afastada da submisión do Parlamento ao monarca característica do Antigo Réxime.



► **As tendencias políticas:** Os parlamentarios agrupábanse dentro da Asemblea lexislativa en función das súas ideas e da súa procedencia social. A burguesía era a clase dominante e a súa división en alta e pequena burguesía deu lugar á presenza de dúas tendencias políticas dentro do modelo liberal:

- Os **liberais conservadores** (ou moderados), vinculados á alta burguesía (sector máis poderoso dende o punto de vista económico), defendían as seguintes ideas: a) o rei e o Parlamento representaban conxuntamente á Nación (modelo de **soberanía compartida**); b) sufraxio censatario; c) non recoñecemento de moitos dereitos de tipo político ou social (exemplo: asociación, reunión, traballo, educación...), d) unión do Estado e da igrexa católica (**Estado confesional**).

- Os **liberais progresistas**, vinculados á pequena burguesía (sector con menos poder económico), defendían as seguintes ideas: a) unicamente o Parlamento era representante da Nación; b) sufraxio universal masculino, c) ampliación notable dos dereitos recoñecidos ás persoas; d) separación do Estado e da igrexa católica (**Estado laico**).




? **32.-** Cales eran as **funcións básicas** do Parlamento liberal? En que se **diferencia** dos Parlamentos do Antigo Réxime?

33.- Compara as tendencias políticas existentes no Estado liberal.

? 30.- Por que é **importante** a Constitución?

o 31.- Que **diferenzas** existen entre os *sufraio censatario*, *universal masculino* e *universal*?

32.- Cales eran as **funcións básicas** do Parlamento liberal? En que se **diferencia** dos Parlamentos do Antigo Réxime?



Para Montesquieu, cada uno de los tres poderes debía estar en manos de instituciones independientes.

33.- **Compara** as tendencias políticas existentes no Estado liberal.

As distintas “tendencias políticas” que había no Parlamento estaban lonxe de convertirse nos actuais partidos, xa que carecían da súa implantación social. No sistema liberal a política era cousa de moi pouca xente e a meirande parte da poboación non interviña na mesma, entre outras cousas porque o tipo de sufraxio impedíao!!

LA EVOLUCIÓN DEL LIBERALISMO POLÍTICO A LO LARGO DEL S. XIX

DOCTRINARIO (moderado o conservador):

- Soberanía Nacional.
- Sufragio censitario (propietarios).
- Represión de los movimientos populares para garantizar “el orden público”.
- Limitación de las libertades (de prensa y de reunión).
- Prohibición de las libertades y derechos colectivos (huelga, sindicatos).

Ausencia de reformas sociales que palien las desigualdades económicas.


DEMOCRÁTICO O PROGRESISTA:

- Soberanía Popular.
- Sufragio Universal (masculino).
- Democracia.
- Ampliación de las libertades individuales y colectivas.
- Reformas sociales que mejoren las condiciones de vida y de trabajo de las clases populares.

BASES SOCIALES

La burguesía y los terratenientes, además de la aristocracia

La pequeña burguesía, las clases medias y las clases populares



Derecho a la libre expresión

